



GRUPO MUNICIPAL DE TEO

**MOCIÓN SOBRE A RECUPERACIÓN E USO DA FINCA
MUNICIPAL DE "AGÜEIROS", EN LUOU, TRALO ACORDO
PLENARIO DE LESIVIDADE DE 1999 RATIFICADO POLO TSXG**

En outubro do ano 2003, hai case ano e medio, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza en sentenza da sección segunda da Sala do Contencioso, viña a dar a razón ao Concello de Teo que, en sesión plenaria celebrada en outubro de 1999, acordara a lesividade do acordo de cesión da finca de Agüeiros para a construción dun cemiterio na parroquia de Luou.

O Pleno do concello respondía así ás demandas e ao sentir da gran maioría da parroquia de Luou, que se sentía farta de non ser consultada ou ser directamente ignorada por unha directiva que non respondía á vontade da gran maioría e que mesmo se negaba a seguir o procedemento estipulado para obter todos os permisos necesarios para o novo cemiterio. Esta situación provocou en pouco tempo a creación dunha nova asociación, a compra dos terreos e a construción dun cemiterio que, contando con todos os permisos necesarios, é hoxe un referente en toda a comarca.

Dado que a citada sentenza do TSXG non é susceptible de Recurso de casación, e que a práctica totalidade dos veciños da parroquia de Luou están dacordo con que o Concello recuperase a titularidade da finca, o concello de Teo non pode nin debe permitir que sobre unha finca da súa propiedade se exerza un uso non autorizado e por persoas que xa non representan a ningúen en Luou.

En consecuencia, o GRUPO MUNICIPAL DO BNG PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. Que a Alcaldía realice todos os trámites legalmente necesarios, respectando os prazos regulamentariamente establecidos, para a retirada do cadáver depositado na finca de Agüeiros (Luou), de xeito que o antes posíbel o concello recupere o uso e disfrute da mencionada finca.
2. Unha vez retirado o cadáver, o Concello procederá inmediatamente á demolición das construcións existentes e á habilitación da zona para o disfrute público. Neste sentido, o concello encargará un proxecto de reestruturación do espazo e de habilitación do entorno como área recreativa, mentras non se lle asigne outro uso colectivo en beneficio dos veciños e veciñas da parroquia de Luou e de todo o concello de Teo.

En Teo, a 15 de marzo de 2005

Asdo.: Rafael Sisto Edreira
Portavoz Municipal suplente do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO